

Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención á cidadanía.

Versión de '19-02-2009' a '22-09-2011'

Modificacións

- Decreto 38/2009, do 19 de febreiro.
Título da norma modificado por artigo único apartado un.
Artigo 6 nova redacción por artigo único apartado dous.
Artigo 8 bis engadido por artigo único apartado tres.
Artigo 8 ter engadido por artigo único apartado catro.
Artigo 9 nova redacción por artigo único apartado cinco.
Artigo 17 nova redacción por artigo único apartado seis.
Disposición adicional segunda nova redacción por artigo único apartado sete.
- Decreto 129/2016, do 15 de setembro.
Derogado por disposición derogatoria única

Inclúe as correccións de erros publicadas no DOG núm. 122, do 27 de xuño de 2005 e no DOG núm. 123, do 28 de xuño de 2005.

Téñase en conta que segundo o decreto 38/2009, do 19 de febreiro, todas as referencias que no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, se fagan á Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administracións Públicas entenderanse realizadas á consellería competente en materia de administracións públicas; as referencias que se fan á Inspección Xeral de Servizos entenderanse realizadas ao órgano competente en materia de calidade na xestión dos servizos públicos e as referencias realizadas á atención ao cidadán entenderanse realizadas á atención á cidadanía.



A Constitución española de 1978 e máis recentemente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, instauran un novo concepto das relacións entre as administracións públicas e os cidadáns, positivizando o último corpo normativo, no artigo 35, unha serie de dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas.

Co fin de acadar un achegamento da Administración aos cidadáns, o presente decreto constitúe un referente normativo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que garante os dereitos que o bloque constitucional lles reconece aos cidadáns nas súas relacións coa Administración, dereitos tales como o dereito de información e atención ao cidadán, o dereito de acceso aos rexistros e o dereito a presentar suxestións e queixas, producíndose o cambio de dereitos potenciais a dereitos efectivos.

Este decreto consta de 32 artigos, 3 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias, 5 disposicións derogatorias e 2 disposicións derradeiras, estruturándose os devanditos artigos en 4 capítulos.

No capítulo I determínase o seu obxecto e ámbito de aplicación.

O capítulo II dedícase á regulación dos rexistros, dando cumprimento ao mandato contido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que establece no seu artigo 38.8º que as administracións públicas deberán publicar e manter actualizadas as oficinas de rexistro propias ou concertadas, os seus sistemas de acceso e comunicación así como os horarios de funcionamento. Consonte o citado mandato legal procédese neste decreto a determinar, por unha banda, as oficinas de rexistro propias da Administración da comunidade autónoma, establecendo o carácter de rexistro xeral ou auxiliar deles e, por outra, proceder á fixación das oficinas de rexistro concertadas. Neste sentido, cómpre dicir que desde o 15 de febreiro de 1996, data en que se subscribiu un convenio de colaboración entre a Consellería da Presidencia e Administración Pública e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), estableceuse a posibilidade de incorporación dos concellos a el o que significa, para os efectos que nos ocupan, a posibilidade de operar como rexistros de carácter xeral de escritos, solicitudes ou comunicacións dirixidas a calquera órgano da Administración autonómica de Galicia. Son moitos os concellos incorporados ao devandito sistema desde o ano 1996, polo que á necesidade de proceder ao cumprimento do mandato contido no artigo 38.8º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cómpre engadir a necesidade de refundición nun único texto normativo dos existentes na actualidade.

Acométese neste decreto a creación dun rexistro telemático que permitirá a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións e que estará encargado da xestión e recepción das ditas solicitudes, escritos e comunicacións para aqueles procedementos que sexan obxecto de tramitación electrónica, segundo o establecido no punto 9º do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, introducido pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais,



administrativas e da orde social, que establece a posibilidade de crear rexistros telemáticos para a recepción e saída daquelas solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por medios telemáticos.

Coa creación deste rexistro telemático, dáse cumprimento ao establecido no artigo 45 da Lei 30/1992, que insta ás administracións públicas para que promovan a incorporación de técnicas ou medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias. As ditas técnicas non se circunscriben exclusivamente á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia senón que se estenden tamén á multiplicidade de aspectos que se regulan neste decreto e que pretenden a continuación do periplo iniciado pola Xunta de Galicia no ano 1990, cando comezou un camiño de modernización e axilización da Administración, co obxectivo de realizar as súas actividades baixo os principios de eficacia, eficiencia e garantía no seu exercicio. Neste sentido observouse inmediatamente a necesidade de utilizar o soporte informático e o tratamento automatizado da información, así como a de abrir a posibilidade da comunicación telemática para proporcionar flexibilidade á comunicación entre as partes, o exercicio das funcións, as actividades e as actuacións de todos os órganos administrativos, xeneralizando deste xeito o uso dos medios informáticos no ámbito da Administración autonómica galega e producíndose un crecemento exponencial dos procedementos que se tramitan na súa totalidade a través de medios informáticos, incluíndo a relación cos administrados.

Neste capítulo establécese o réxime básico dos rexistros da Administración da comunidade autónoma, salientándose o dereito dos cidadáns a presentar solicitudes, escritos e comunicacións en calquera dos rexistros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia propios ou concertados, e nos recollidos no artigo 7 deste decreto, así como o dereito dos cidadáns a que se expida un recibo acreditativo da presentación realizada.

No capítulo III procédese á regulación da atención ao cidadán, concibíndoa, dada a súa transcendencia, nun xeito amplo, como o conxunto de actividades e medios que a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia pon á disposición dos cidadáns para o exercicio dos seus dereitos, o cumprimento das súas obrigas e o acceso aos servizos públicos, establecéndose a regulación das actividades e medios que a integran. Así mesmo, resulta necesario regular a organización, o funcionamento e a coordinación das unidades administrativas que integran o Sistema de Información Administrativa e Atención ao Cidadán e que teñen como función e actividade fundamental a información das actividades e servizos que desenvolve e presta a Administración e, a atención aos cidadáns; establecéndose o marco xurídico da súa actuación, o contido da súa competencia, a atribución de funcións e o alcance da súa responsabilidade no exercicio daquelas. Procédese tamén neste capítulo á regulación do dereito dos cidadáns á presentación de suxestións e queixas como instrumento axeitado para recoller as demandas dos cidadáns respecto da creación, ampliación ou mellora dos servizos públicos.

Finalmente, no capítulo IV procédese á regulación das webs da Xunta de Galicia nas cales está integrada a información que a Comunidade Autónoma de Galicia ofrece pola rede da internet no Sistema de Información Administrativa e Atención ao Cidadán que, malia estar regulado no capítulo III deste decreto, requiren pola súa especificidade un tratamento autónomo co fin de garantir a homoxeneidade e integridade das webs da Administración autonómica.



En definitiva, este decreto constitúe unha achega para o exercicio doado dos dereitos que os cidadáns teñen fronte á Administración, dereitos recoñecidos no artigo 35 da Lei 30/1992, que, malia a transcendental achega que supuxo desde o punto de vista normativo, requiren para que se produza o cambio de dereitos potenciais a dereitos efectivos dun esforzo por parte da Administración de achegamento aos cidadáns de xeito que se perciba o aire continuo de reforma sensible e receptor das continuas innovacións técnicas como lle corresponde a unha Administración moderna.

O presente decreto foi sometido a consulta do Consello Consultivo de Galicia, órgano que emitiu ditame o vinte e cinco de febreiro do ano dous mil tres. O decreto da Xunta de Galicia 200/2003, do 20 de marzo, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se procede á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán foi anulado pola Sentenza do 7 de abril de 2004 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por falta de negociación colectiva previa coa representación sindical dos traballadores, malia a previsión contida na súa disposición transitoria segunda: «O horario de atención ao público das oficinas de rexistro, previsto na disposición adicional segunda, alínea b, no que exceda do horario de funcionamento actual, entrará en vigor por orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, logo dos trámites exixidos pola normativa vixente na materia».

Trátase, pois, de regular unha materia que pola súa transcendencia inmediata ao administrado non admite dilación no tempo. Así pois, régúlase de novo a materia, e se somete á negociación previa coa representación dos traballadores de conformidade co establecido na normativa vixente na materia, antes da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezaseis de xuño de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto ten por obxecto regular e determinar as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, proceder á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regular a atención ao cidadán.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

1. Este decreto será de aplicación a todos os órganos e unidades da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a todos os organismos autónomos, entidades de



dereito público e demais entes públicos vinculados ou dependentes dela. Estas entidades suxeitarán a súa actividade a este decreto en canto exerzan potestades administrativas, someténdose no resto da súa actividade ao que dispoñan as súas normas de creación.

2. O ámbito de aplicación deste decreto estenderase a todas as entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia que en virtude de convenio suscrito coa Administración da comunidade autónoma se incorporen ao réxime establecido nel.

Capítulo II Dos rexistros

Artigo 3º.-Dos rexistros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. As oficinas de rexistro da Xunta de Galicia son unidades administrativas que teñen a consideración de órganos administrativos por ter atribuídas funcións que teñen efectos xurídicos fronte a terceiros.

2. O rexistro xeral da Xunta de Galicia está adscrito á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

3. En todas as consellerías da Xunta de Galicia, organismos autónomos, entidades de dereito público e demais entes públicos vinculados ou dependentes dela, así como nas delegacións ou direccións provinciais ou territoriais delas, existirá unha oficina de rexistro.

4. Cando estean situadas nun mesmo edificio ou complexo administrativo dependencias de dúas ou máis consellerías, organismos autónomos, entidades de dereito público e entes públicos existirá un só rexistro unificado que pasará a depender do rexistro xeral.

Artigo 4º.-Dos rexistros auxiliares.

1. Cando o volume ou a natureza das actividades dun órgano ou dunha unidade administrativa o aconsellen, poderán establecerse neles rexistros auxiliares vinculados ás oficinas de rexistro da consellería, organismos autónomos, entidades de dereito público e entes públicos dos que dependan organicamente.

2. Os rexistros auxiliares estarán obrigados a comunicar ás oficinas de rexistro da consellería, organismos autónomos, entidades de dereito público e entes públicos dos que dependan, todos os asentos que realicen, salvo que estean conectados na rede privada de voz e datos da Xunta de Galicia.

3. A súa creación, modificación ou supresión farase por orde conxunta da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e a consellería correspondente.

Artigo 5º.-Rexistro Telemático da Xunta de Galicia.



1. Créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia para a recepción ou saída de todas as solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por vía telemática mediante sinatura electrónica avanzada no ámbito dos procedementos que figuran no anexo VII.

Para a utilización do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia é necesario que esta posibilidade estea previamente prevista na normativa aplicable aos procedementos administrativos obxecto de tramitación electrónica na Xunta de Galicia.

2. Todas as solicitudes, escritos e comunicacións que se habiliten para a tramitación electrónica estarán dispoñibles no enderezo: <http://www.xunta.es/servizos/>.

3. O Rexistro Telemático da Xunta de Galicia queda adscrito á Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

4. Para a presentación telemática de escritos, solicitudes e comunicacións no Rexistro Telemático o interesado deberá posuír un certificado dixital baixo a norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou calquera outro prestador de servizos de certificación cuxos certificados sexan admitidos pola Xunta de Galicia.

Artigo 6º.-Das actividades propias dos rexistros.

Constitúen actividades propias dos rexistros:

- a) A recepción de solicitudes, escritos e comunicacións presentadas polas cidadás e cidadáns, así como dos documentos que os acompañen dirixidos ás administracións públicas.
- b) A expedición de recibos de presentación de solicitudes, escritos e comunicacións.
- c) A expedición de copias seladas e compulsadas dos documentos que acompañen as solicitudes, escritos e comunicacións, presentadas polas cidadás e cidadáns, dirixidos ás administracións públicas.
- d) A anotación de asentos de entrada e saída das solicitudes, escritos e comunicacións.
- e) A remisión de solicitudes, escritos e comunicacións aos órganos ou unidades destinatarias.
- f) Emitir certificacións dos asentos do rexistro, das solicitudes, escritos e comunicacións que se presenten.
- g) Calquera outra que se lle atribúa legal ou regulamentariamente».

Decreto 38/2009, do 19 de febreiro.

Artigo modificado:Artigo 6 nova redacción por artigo único apartado dous.



Artigo 7º.-Lugares de presentación de solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as solicitudes, escritos e comunicacións que os cidadáns dirixan aos órganos da Administración da comunidade autónoma poderán presentarse:

- a) En calquera das oficinas de rexistro, propias ou concertadas, da Administración da comunidade autónoma que se determinan nos anexos I e II deste decreto e, se é o caso, a través do Rexistro Telemático.
- b) En calquera oficina de rexistro de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado e á de calquera Administración das comunidades autónomas.
- c) Nas oficinas de correos na forma establecida regulamentariamente.
- d) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Artigo 8º.-Dos recibos de presentación.

1. Os rexistros expedirán un recibo acreditativo da data de presentación de todas as solicitudes, escritos e comunicacións que presenten os cidadáns. O recibo expedirase no mesmo momento da presentación e nel quedará constancia da identidade do remitente, o órgano destinatario, o lugar e a data de presentación e un extracto do contido da solicitude.

2. Cando a presentación se efectúe achegando unha copia en papel, o recibo consistirá na mencionada copia, na cal se fará constar o lugar de presentación e a data. Se non se achegase copia, o rexistro poderá optar por realizar unha copia da solicitude, escrito ou comunicación ou pola expedición do recibo referido no punto anterior, segundo o modelo que se recolle no anexo III.

3. Cando o cidadán efectúe a presentación a través de soportes, medios ou aplicacións informáticas, electrónicas ou telemáticas, o recibo expedirase de acordo coas características do soporte, medio ou aplicación do asento efectuado, e a súa información deberá reunir os requisitos expresados nos puntos anteriores.

Artigo 8 bis.-Achega de documentos orixinais ao procedemento.

1. Cando as normas reguladoras do correspondente procedemento ou actuación administrativa requiran a achega de documentos orixinais, as cidadás e cidadáns terán dereito á expedición polas oficinas de rexistro dunha copia selada do documento orixinal no momento da súa presentación. As oficinas de rexistro non estarán obrigadas a expediren copias seladas de documentos orixinais que non acompañen as solicitudes, escritos ou comunicacións presentadas pola cidadanía.



2. Para o exercicio deste dereito a cidadá ou cidadán achegará, xunto co documento orixinal, a súa copia. A oficina de rexistro cotexará a copia, e o documento orixinal, comprobando a identidade dos seus contidos, unirá o documento orixinal á solicitude, escrito ou comunicación ao que se xunte para a súa remisión ao órgano destinatario e entregará a copia á cidadá ou cidadán, unha vez dilixenciada cun selo en que consten os seguintes datos:

- a) Data de entrega do documento orixinal e lugar de presentación.
- b) Órgano destinatario do documento orixinal e extracto do obxecto do procedemento ou actuación para a tramitación da cal se achega.

A oficina de rexistro levará un rexistro expresivo das copias seladas que expida, no cal anotará os datos sinalados no parágrafo anterior.

3. A copia selada acreditará que o documento orixinal se atopa en poder da Administración correspondente, sendo válida para os efectos do exercicio pola cidadá ou cidadán do dereito recoñecido no artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como para solicitar, se for o caso, a devolución do documento orixinal, unha vez finalizado o procedemento ou actuación ou de acordo co que dispoña a normativa de aplicación.

A copia selada será entregada á Administración correspondente no momento en que o documento orixinal sexa devolto ao interesado. Se se producir a perda ou destrución accidental da copia, a súa entrega substituirase por unha declaración achegada pola cidadá ou cidadán en que expoña por escrito a circunstancia producida.

Decreto 38/2009, do 19 de febreiro.

Artigo engadido:Artigo 8 bis engadido por artigo único apartado tres.

Artigo 8º ter.-Achega de copias compulsadas ao procedemento.

1. Cando as normas reguladoras dun procedemento ou actividade administrativa requiran a achega de copias compulsadas ou cotexadas de documentos orixinais, a cidadá ou cidadán poderá exercer o seu dereito á inmediata devolución destes últimos polas oficinas de rexistro en que se presente a solicitude, escrito ou comunicación que deba acompañar a copia compulsada, con independencia do órgano, entidade ou Administración destinataria. As oficinas de rexistro non estarán obrigadas a compulsar copias de documentos orixinais cando as devanditas copias non acompañen as solicitudes, escritos ou comunicacións presentadas polas cidadás ou cidadáns.

2. Para o exercicio deste dereito a cidadá ou cidadán achegará, xunto co documento orixinal, unha copia. A oficina de rexistro realizará o cotexo dos documentos e copias, comprobando a identidade dos seus contidos, devolverá o documento orixinal á cidadá ou cidadán e unirá a copia, unha vez dilixenciada cun selo ou acreditación de compulsada, á solicitude, escrito ou comunicación a que se xunte para a súa remisión ao destinatario.



O selo ou acreditación de compulsas expresará a data en que se practicou, así como a identificación do órgano e da persoa que expiden a copia compulsada.

3. A copia compulsada terá a mesma validez que o orixinal no procedemento concreto de que se trate, sen que en ningún caso acredite autenticidade do documento orixinal.

Decreto 38/2009, do 19 de febreiro.

Artigo engadido:Artigo 8 ter engadido por artigo único apartado catro.

Artigo 9º.-Rexistro de entrada e saída.

1. Serán rexistradas de entrada todas as solicitudes, escritos ou comunicacións dirixidas a un órgano da Administración da comunidade autónoma ou a outros órganos de calquera das administracións públicas referidas no artigo 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos termos previstos nel e, no caso de entidades que integran a Administración local de Galicia, para os efectos previstos no artigo 38.4º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se subscribise o oportuno convenio.

Non serán obxecto de rexistro:

- a) A documentación complementaria que acompañe a solicitude, escrito ou comunicación que é obxecto de rexistro.
- b) Os documentos de natureza publicitaria, comercial, informativa e análogos.
- c) Aquelas solicitudes, escritos ou comunicacións que carezan absolutamente dos requisitos legalmente establecidos.
- d) Os escritos administrativos ou comunicacións oficiais que se transmitan entre órganos e unidades administrativas a que preste servizo o mesmo rexistro.

2. Serán rexistrados de saída os escritos ou comunicacións oficiais dirixidos a outros órganos da Administración da comunidade autónoma, a órganos doutras administracións públicas e aos particulares.

3. Nas oficinas de rexistro a que se refire o artigo 7º a) porase á disposición daquelas persoas que pretendan a presentación simultánea dun número superior a 10 solicitudes, escritos ou comunicacións un impreso, segundo o modelo que se xunta como anexo IV a este decreto, para que relacionen aquelas, numerándoas e especificando a identidade das persoas interesadas, os órganos destinatarios, así como un extracto dos contidos. Este impreso será o único documento obxecto de rexistro.



Decreto 38/2009, do 19 de febreiro.

Artigo modificado:Artigo 9 nova redacción por artigo único apartado cinco.

Artigo 10º.-Envío de documentos dirixidos a outras administracións públicas.

Os documentos presentados na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que estean dirixidos a outras administracións públicas, unha vez rexistrados de entrada, enviaranse aos órganos aos que estean dirixidos dentro do prazo máximo de dous días hábiles procedéndose ao rexistro de saída, do que se fará o correspondente asento.

Artigo 11º.-Características dos asentos.

1. Cada documento que se reciba nas dependencias do rexistro ou se presente por medios telemáticos terá o correspondente asento que conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) O número de rexistro, que é o número identificador do documento.
- b) A data e hora de presentación no rexistro, que indica o día, a hora e o minuto en que se presenta o documento en calquera dos lugares previstos no artigo 7º a) deste decreto.
- c) O tipo de documento, indicativo da natureza do documento que se rexistra.
- d) O asunto do documento, cun resumo explicativo do contido deste.
- e) A identificación da persoa, o órgano, a unidade administrativa ou o organismo público de procedencia.
- f) A identificación da persoa, o órgano, a unidade administrativa ou o organismo público ao que se dirixe.

2. Cada asento relativo á saída dun documento deberá conter os mesmos datos sinalados no punto anterior, aínda que a data e a hora que se fará constar, será a da saída do documento.

3. Cando o documento se rexistrase de entrada noutra dependencia do rexistro da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o devandito documento manterá a identificación numérica que lle asignou o primeiro rexistro.

Artigo 12º.-Selaxe de documentos.

1. Todos os escritos que sexan rexistrados nas oficinas de rexistro propias ou concertadas deberán ser selados agás os presentados no rexistro telemático.

2. Os selos do rexistro conterán os seguintes datos:

- a) A especificación do rexistro de que se trate.



- b) O espazo destinado ao número de entrada ou saída que se lle asigne ao documento.
- c) O espazo destinado á data, a hora e o minuto de presentación no rexistro do documento.

Artigo 13º.-Garantías do rexistro.

1. Os rexistros terán que pechar cada día e os asentos rexistrados quedarán ordenados cronoloxicamente segundo a orde de presentación ou saída dos documentos.
2. A instalación en soporte informático das oficinas de rexistro garantirá a plena interconexión e integración dos rexistros entre eles.
3. En todos os casos terá que garantirse a certeza dos datos rexistrados.

Artigo 14º.-Sistemas de acceso.

O sistema de acceso para todos os rexistros que se determinan neste decreto será mediante comparecencia na correspondente oficina, por correo ou por vía telemática, se é o caso.

Artigo 15º.-Medios de presentación.

A presentación das distintas solicitudes, escritos ou comunicacións perante as oficinas de rexistros propias ou concertadas poderase efectuar en soporte papel ou por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.

Artigo 16º.-Efectos da presentación.

1. Para os efectos de cumprimento dos prazos polos cidadáns, entenderase como data de recepción, a data de entrada das solicitudes, escritos e comunicacións, nos lugares previstos no artigo 7º deste decreto.
2. Para os efectos de cumprimento dos prazos pola Administración, e en particular do prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa, estes computaranse desde a data de entrada das solicitudes, escritos e comunicacións no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Capítulo III Da atención ao cidadán

Artigo 17º.-A atención ao cidadán.

1. As actividades que integran a atención á cidadanía son a información, orientación e recepción das suxestións ou queixas que poidan mellorar a calidade dos servizos públicos da comunidade autónoma.



2. O Sistema de Atención á Cidadanía da Xunta de Galicia, dependente funcionalmente da consellería competente en materia de administracións públicas, estará integrado por:

- As oficinas de rexistro e información dependentes da citada consellería.
- As oficinas de rexistro e as de información administrativa e atención á cidadanía das diferentes consellerías e delegacións provinciais ou territoriais.
- As oficinas comarcais da Xunta de Galicia.
- O teléfono de Información Administrativa e Atención á Cidadanía 012.
- A rede de Portelo Único (anexo II).
- As webs da Xunta de Galicia no enderezo: <http://www.xunta.es/>
- O correo electrónico 012@xunta.es

3. A relación completa dos órganos que integran o sistema de atención á cidadanía e os seus enderezos postais publícanse como anexos I e V deste decreto.

Decreto 38/2009, do 19 de febreiro.

Artigo modificado:Artigo 17 nova redacción por artigo único apartado seis.

Artigo 18º.-Información.

A información ao cidadán da Comunidade Autónoma de Galicia configúrase como un sistema de información de interese para o cidadán e ten como finalidade mellorar e facilitar o acceso aos servizos que presta a Administración autonómica de Galicia nas súas relacións cos cidadáns.

Artigo 19º.-Tipos de información.

A información facilitada polas oficinas de información administrativa e atención ao cidadán poderá ser xeral ou particular.

Artigo 20º.-Información xeral.

A información xeral ten por obxecto ofrecerlles aos cidadáns unha visión global, homoxénea e sistematizada da Xunta de Galicia, que comprenderá:

- a) Información relativa á estrutura organizativa e funcional, incluíndo directorio de unidades administrativas e centros, e horarios deles.



b) Información de cada procedemento administrativo referida á súa finalidade, lexislación aplicable, requisitos e documentación necesaria para a súa tramitación, así como o órgano responsable da súa xestión.

c) En xeral, cantos datos sirvan de base a quen teña que relacionarse coa Administración autonómica, e, de conformidade co artigo seguinte, non tivesen o carácter de información particular.

Artigo 21º.-Información particular.

1. A información particular consistirá en facilitarles aos interesados ou aos seus representantes legais, o estado da tramitación en que se encontra o seu expediente administrativo.

2. A petición de información de carácter particular virá avalada pola identificación do solicitante, garantíndose a confidencialidade e a integridade dos datos de carácter persoal, de acordo coa normativa estatal e autonómica sobre protección de datos de carácter persoal.

Artigo 22º.-Actualización da información.

A Inspección Xeral de Servizos, en coordinación coas distintas secretarías xerais das consellerías da Xunta de Galicia, que para tal efecto designarán un interlocutor, será a responsable da xestión e actualización do contido da información xeral.

Artigo 23º.-Acceso á información.

1. Os cidadáns poderán acceder ao sistema de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, nas oficinas de Información Administrativa e Atención ao Cidadán, presencialmente, por escrito, por teléfono ou por correo electrónico a través da internet.

2. As informacións que se subministren serán claras e comprensibles, concretas, íntegras e axeitadas á información solicitada.

3. Se a petición de información por parte do cidadán non puidese ser resolta de xeito inmediato cos medios de que dispón o empregado de atención ao público, será contestada no prazo de dous días hábiles sempre que o cidadán lle facilite os datos precisos para efectuar o contacto.

Artigo 24º.-Carácter das informacións emitidas.

As actuacións que realicen os empregados públicos do Sistema de Información Administrativa e Atención ao Cidadán terán un carácter informativo para quen o solicite, e, polo tanto, en ningún caso entrañarán unha interpretación normativa á que se refire o artigo 37.10º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A información facilitada non se poderá invocar para os efectos de interrupción ou suspensión de prazos, caducidade ou prescrición, nin servirá de instrumento formal de notificación no expediente.

Artigo 25º.-Suxestións e queixas.



1. Os cidadáns e institucións públicas ou privadas poderán formular as suxestións ou queixas que coiden convenientes sobre o funcionamento dos servizos públicos da Administración autonómica co fin de mellorar a calidade deles.
2. As suxestións e queixas formuladas segundo o disposto no punto anterior, non terán en ningún caso a cualificación de recurso administrativo nin a súa presentación suspenderá os prazos establecidos na normativa vixente.
3. A presentación de suxestións e queixas non condiciona en ningún modo o exercicio das restantes accións ou dereitos que, de conformidade coa normativa reguladora de cada procedemento, poidan exercer os que figuren nel como interesados.

Artigo 26º.-Presentación.

1. A forma de presentación das suxestións e queixas poderá ser:

a) Por escrito dirixido á Inspección Xeral de Servizos, que conterá os datos da oficina tramitadora, nome do funcionario, e os feitos que motivaron a suxestión ou queixa, os datos que permitan a identificación do cidadán para os efectos da súa notificación, así como o obxecto da súa suxestión ou reclamación.

Para estes efectos, publícase como anexo VI un modelo impreso do cal se facilitarán exemplares en todas as oficinas de rexistro.

b) Por correo electrónico, a través da internet, accedendo á páxina web da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Igualmente neste caso, as suxestións ou queixas iran dirixidas á Inspección Xeral de Servizos, debendo figurar o nome, apelidos e domicilio para os efectos de notificación.

2. No caso de queixas ou suxestións que afecten a organismos ou institucións alleas á Administración autonómica, daráselle traslado delas a quen corresponda notificándollo ao interesado.

3. As suxestións e queixas poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 7º deste decreto.

Artigo 27º.-Tramitación de queixas.

1. Recibida a queixa nas oficinas ou rexistros referidos, daráselle traslado inmediato dela á Inspección Xeral de Servizos.

2. Unha vez recibida na Inspección Xeral de Servizos, esta, pola súa vez, daralle traslado da queixa á secretaría xeral da consellería afectada por ela, quen no prazo de 15 días deberá remitir informe ao respecto, no que se engada unha proposta de actuación en relación coa queixa.



3. Unha vez emitido o informe e recibido na Inspección Xeral de Servizos, esta dará traslado deste ao interesado, dándolle un prazo de 10 días para que formule as alegacións que coide oportunas.

4. Á vista do informe solicitude, e das alegacións formuladas polo interesado, a Inspección Xeral de Servizos, poderá adoptar algunha das medidas seguintes:

- a) Recomendar a adopción das medidas tendentes á emenda da/das anomalía/as detectadas.
- b) Formular unha proposta de mediación co interesado, cando a entidade do asunto o permita e sexa aceptada polo interesado.
- c) Propoñer a incoación dun expediente disciplinario cando se constate a existencia dalgunha das causas previstas legalmente para a súa incoación.
